



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Nº 41 / 2018

CONVENIO PARA A FORMALIZACIÓN DA DOAZÓN E ENTREGA POR PARTE DE D. JOSÉ DOMINGO PEDREIRA ANDRADE E DNA. MARÍA JESÚS SANZ MARCOS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DOS SEUS FONDOS BIBLIOGRÁFICOS, DOCUMENTAIS E ARTÍSTICOS.

Na Coruña, a 29 de xuño de 2018 na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Jesús Manuel Soto Vivero**, en calidade de Deputado delegado de Contratación, Patrimonio e Equipamento da Deputación da Coruña (en virtude de resolución número 15671/2015, modificada pola 16642/2015), en representación desta e de conformidade coas atribucións que lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; a Lei 11/1999, do 21 de abril, que modifica a anterior e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Doutra parte, **D. José Domingo Pedreira Andrade**, con DNI 32.331.125-W e **Dna. María Jesús Sanz Marcos**, con DNI 32.392.618-Q, actuando no seu nome propio e representación.

Recoñecéndose ambas as dúas partes capacidade para a sinatura do presente documento

EXPOÑEN

D. José Domingo Pedreira Andrade e Dna. María Jesús Sanz Marcos formaron ao longo da súa traxectoria personal e profesional, profundamente vinculada á literatura e á cultura en xeral, unha importante colección bibliográfica e documental que actualmente ascende a 40.000 volúmenes aproximadamente.

Esta colección está integrada por libros, memorias, exemplares de banda deseñada, coleccións completas de revistas, fotografías, música, vídeos, etc.

Ambas partes consideran que as bibliotecas son un dos instrumentos fundamentais para que a cidadanía poida acceder en condicións de igualdade á cultura e neste sentido D. José Domingo Pedreira Andrade e Dna. María Jesús Sanz Marcos queren contribuír desinteresadamente coa doazón dos seus fondos bibliográficos a estos fins, mediante a súa incorporación á Biblioteca da Deputación para o seu goce por todas aquelas persoas interesadas, considerando ademais a especial vinculación afectiva dos doantes con Galicia e, en particular, con A Coruña.

Por todo o exposto, e de conformidade cos artigos 10 e 12 do *Regulamento de bens das entidades locais*, aprobado polo Real decreto 1372/86 de 13 de junio, acuerdan formalizar o presente convenio con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

D. José Domingo Pedreira Andrade e Dna. María Jesús Sanz Marcos doan á Excm. Deputación Provincial da Coruña os seus fondos bibliográficos, documentais e artísticos. O número de fondos que doan ascende aproximadamente a 40.000 unidades. Estes fondos están integrados por libros,

memorias, exemplares de banda deseñada, coleccións completas de revistas, fotografías, música, vídeos, etc.

Segunda.- Entrega e aceptación

A Deputación acepta os fondos indicados na cláusula anterior. A entrega efectuarase de forma paulatina durante o ano 2017 e en anos sucesivos, os doantes realizarán a selección e elección das entregas e serán quen dean por finalizadas as mesmas.

Os gastos que ocasionen os traslados dos fondos ás dependencias provinciais correrán por cargo da Deputación.

Terceira.- Destino e localización

As obras doadas formarán parte dos fondos bibliográficos da Biblioteca da Deputación. Nunha das salas da Biblioteca Provincial se instalará unha placa lembrando a doazón efectuada por D. José Domingo Pedreira Andrade e Dna. María Jesús Sanz Marcos.

Cuarta.- Carácter gratuíto

Ambas partes fan constar que o tratarse dunha doazón, ésta faise con carácter gratuíto e, polo tanto, sen custo económico para a Deputación. Esta doazón representa un incalculable beneficio material e cultural para o patrimonio bibliográfico e documental da Institución Provincial.

Quinta.- Catalogación e conservación

A Deputación realizará o inventario e catalogación dos fondos bibliográficos, documentais e artísticos doados.

A Institución Provincial comprométese a conservar adecuadamente e nas mellores condicións os fondos durante tempo indefinido.

A Deputación comprométese, dado o carácter singular da doazón, a manter a unidade dos fondos nas dependencias da Deputación.

No caso de incumprimento das condicións estipuladas, a Deputación comprométese á devolución dos fondos entregados.

A estos efectos, creárase unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes designados pola Deputación e dúas persoas designadas polos doantes.

Sexta.- Acceso aos fondos

D. José Domingo Pedreira Andrade e Dna. María Jesús Sanz Marcos expresan o seu desexo de que os libros se incorporen á Biblioteca Provincial para a súa consulta e préstamo por todas as persoas interesadas, de acordo coas normas da Biblioteca e do Arquivo da Deputación Provincial.

As persoas descendentes terán libre acceso a todos os fondos doados.

Na páxina web da Deputación faranse constar, de maneira diferenciada, os fondos catalogados indicando a súa orixe.

Séptima.- Agradecemento

A Deputación expresa o seu agradecemento e recoñecemento a D. José Domingo Pedreira Andrade e Dna. María Jesús Sanz Marcos, pola súa xenerosidade e pola doazón desinteresada efectuada á Deputación Provincial da Coruña de tan valioso fondo documental, como legado ás futuras xeracións.

Octava.- Vixencia

O presente convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e terá carácter indefinido. Porén, os doantes ou as súas persoas herdeiras poderán rescindir a presente doazón cando se incumplan as condicións pactadas no presente documento.

Novena.- Réxime xurídico


Este convenio ten natureza administrativa, e as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Faise constar que este convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número 22569 do 27 de xuño 2017.

Unah vez lido o presente convenio, otorgan a súa conformidade e o asinan por cuadruplicado e en unidade de acto, no lugar e data indicados ao comezo

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O presidente PD
O Deputado de Contratación,
Patrimonio e Equipamento



D. Xesús Manuel Soto Vivero

DOANTES



D. José Domingo Pedreira
Andrade



Dna. María Jesús Sanz
Marcos

O SECRETARIO XERAL
da
Deputación Provincial da Coruña



D. José Luis Almuja Supervía